

# Contidos

## SmarContent



Os teus novos contidos  
e-dixgal




## Índice

<b>1. Entrar nas unidades .....</b>	<b>3</b>
<b>2. Navegar polas Unidades .....</b>	<b>5</b>
<b>3. Responder actividades.....</b>	<b>7</b>
<b>4. Bloquear a túa pantalla .....</b>	<b>8</b>
<b>5. Participar en foros de debate .....</b>	<b>9</b>
<b>6. Alertas de contido actualizado .....</b>	<b>11</b>
<b>7. Traballando sen conexión a Internet .....</b>	<b>12</b>
<b>7.1. Que pasa se perdo a conexión a Internet na clase?.....</b>	<b>12</b>
<b>7.2. Podo traballar na casa sen conexión a Internet?.....</b>	<b>13</b>
<b>7.3. Podo traballar co portátil na clase e co meu ordenador personal na casa? .....</b>	<b>14</b>




## 1. Entrar nas unidades

Para entrar nas unidades SmartContent, debes facelo como ata o de agora, a través **dun navegador web** ou desde o **EVA-Offline**. Cando selecciones unha unidade, entrarás no **Panel inicial da Unidade**:



**Pulsa nunha lección** ou apartado para entrar nos contidos.





Unha vez dentro da lección, poderás navegar polos contidos de forma similar ás antigas unidades:

- A través dos botóns de **avanzar e retroceder** entre leccións.
- A través do **menú superior** que dá acceso á listaxe de leccións.

2º ESO · English  
Unit 1. Home and away

Menu

Home and away

1. Our project  
Keep on Moving On. Time Flies!

2. The force of habit  
Habits · There used to be... · Let's practise tenses I

3. Life at home  
Timetables and routines · Collaborating at home! · To -inf or -ing? · Present Perfect

4. Future homes  
Traditional houses · Future houses · Will and (be) going to

5. Out for dinner  
Choosing the restaurant · When in Britain... · Are you ready to order?

6. Show me around!  
Finding your way · Jobs

Menú da Unidade

Listado de leccións do Menú

Ir á lección anterior

Ir á seguinte lección

Georgian houses date from the 18<sup>th</sup> century and are recognised by their symmetry and proportion in Greek style.

Victorian houses, which were built during the Victorian era (1837- 1901), usually have decorated "sash" bay windows which project out of the living room or the halls on the inside. They also have fireplaces in every room, and many houses have hot running water, lights instead of candles, and firewood for the winter, etc.


4. Now, identify each type of house.




## 2. Navegar polas Unidades

Unha vez dentro da lección, poderase navegar polos contidos:

- **Barra superior sempre fixa.** Aínda que movas o scroll sempre estará visible e permitirache entrar no menú, no buscador e nos recursos da unidade.
- **Botóns de avanzar e retroceder sempre fixos.** Xa non é necesario baixar ata o final da páxina para cambiar de apartado.




- **Os cambios de sección** dentro dunha lección márcanse cun **cambio de fondo**. Ademais de facer máis atractiva a unidade, axuda a diferenciar os contidos entre si.





- O menú de resposta de actividades ten as seguintes funcionalidades.



### LEMBRA

**Todas as actividades teñen 3 intentos.** Unha vez que se acerta, desaparecen os intentos dispoñibles.

**Todas as actividades contan para a nota final da Unidade,** non só o test final.




### 3. Responder actividades


A maioría das actividades son de autoavaliación, así que, cando respondas, verás inmediatamente se acertaches ou non. Lembra que **tes 3 intentos**.

Pero engadimos **actividades de escritura libre que terá que revisar e avaliar o teu profesor**.

Cando respondas a unha actividade de escritura libre verás un aviso de que se enviou a túa resposta ao profesor e que **está pendente de avaliación**.




Cando o teu profesor revise a túa resposta e che poña unha nota poderás ver se acertaches ou non. E mesmo poderá enviarche unha mensaxe!






#### 4. Bloquear a túa pantalla

O teu profesor pode tomar o control do teu libro e bloquealo nunha pantalla. Este é o **aviso que verás na zona superior da pantalla**.



Cando te bloquee, verás a mesma lección que estea vendo o profesor e non poderás cambiar de apartado. Iso si, poderás responder ás preguntas dese apartado.

O teu profesor ten outra forma de bloquear a túa pantalla: mediante o **aviso “Presta atención”**. Cando active esa función, non poderás facer nada na unidade. A intención é que prestes atención ás súas explicacións.








## 5. Participar en foros de debate

Os teus profesores poderán crear foros de debate para discutir sobre calquera tema.

Para participar, basta con que **escribas o teu comentario e pulses INTRO** para publicalo.

Por defecto, verás os tres últimos comentarios. Se queres **ver máis comentarios ou responder aos outros** compañeiros, pulsa **“Ver todos os comentarios”**.



Se entras no panel de comentarios verás todas as intervencións (as do profesor márcanse en azul).

Ao situar o rato sobre un comentario poderás **responderlo** ou **reportalo** ao profesor para que este o borre. Usa só esta opción se consideras que o comentario é inapropiado.

Tamén poderás indicar que un comentario **che gusta**, marcando o corazón situado á dereita.



Únete a discusión



**Edelmira** • Hace 3 minutos

domain, grain

[Responder](#) [Reportar](#)

0

Responder a un comentario

Reportar al profesor un comentario inapropiado



**Yo** • Hace 1 hora

plain, train, brain

0



**Profesor Netex** • Hace 1 hora

Añadid nuevas palabras relacionadas con este vocabulario

0


Me gusta



## 6. Alertas de contido actualizado

Os teus profesores poden actualizar e mellorar as unidades Smart, engadindo os nosos textos, vídeos ou actividades.

Cando o profesor publique un novo contido recibirás este aviso.



As unidades Smart permiten **acceder** a todos os novos contidos que engada o profesor **sen conexión a Internet**. Así, se o profesor crea unha nova actividade, vas poder facela como tarefa desde a casa sen conectarte a Internet.

### LEMBRA


Para facelo terás que entrar no EVA-OFFLINE, descargar a unidade e, antes de ir para a casa, **acceder a ela coa conexión a Internet activada**. Así, sincronizarase a unidade coa do profesor e terás todas as modificacións que teña feito.



## 7. Traballando sen conexión a Internet


### 7.1. Que pasa se perde a conexión a Internet na clase?

O contido vai detectar automaticamente se tes conexión a Internet. Cando a conexión se perde (por exemplo, cando non funciona a Wifi), **o sistema avisarache**, e tratará de recuperar conexión. Podes seguir traballando con normalidade mentres trata de reconectar.



Se o ordenador **non consegue recuperar conexión a Internet**, aparecerá esta mensaxe que che pedirá que decidas que queres facer:

- Tratar de recuperar a conexión de novo.
- Traballar en modo off-line.




Se entras en **Modo Desconectado**, **todas as preguntas que contestes gardaranse temporalmente no seu ordenador**. Esta función permitirache levarte o portátil a casa e poder traballar se non tes wifi ou non queres consumir os teus datos de Internet.



## LEMBRA

O contido detecta automaticamente que se perdeu a conexión, pero **NON é capaz de detectar que se recuperou**, polo que temos que “avisarlle” nós.

Cando o ordenador **teña de novo conexión, é dicir, cando a wifi estea activada, DEBES PULSAR ESTA ICONA** que está na zona superior da esquerda.



Así, a unidade volverá a conectarse e **enviaranse as túas respostas ao profesor. Se non o fas, o profesor non poderá ver o teu traballo**, así que, non olvides volver activar a túa unidade!

## 7.2. Podo traballar na casa sen conexión a Internet?


**Si, co portátil do colexio, entrando a través do EVA-offline.** Para poder facelo, tes que ter descargado na clase a Unidade.

Cando entres, o sistema detectará que non hai conexión a Internet e **comezará a traballar directamente en Modo Desconectado**. Podes contestar a todas as actividades con normalidade e, despois, pechar a Unidade e apagar o ordenador.

As túas respostas quedarán almacenadas temporalmente no portátil. Cando volvas a clase ao día seguinte, **se entras no EVA-offline con conexión a Internet, as túas respostas enviaranse automaticamente** e o profesor xa poderá velas.

## LEMBRA

Se polo que sexa, entras sen conexión a Internet, aparecerá a icona que indica que segues traballando off-line. Se é así, cando recuperes a conexión a Internet, **DEBES PULSAR ESTA ICONA** que está na zona superior da esquerda.



Así, a unidade volverá conectarse e **enviaranse as túas respostas ao profesor. Se non o fas, o profesor non poderá ver o teu traballo**, así que, non olvides volver activar a túa unidade!



### 7.3. Podo traballar co portátil na clase e co meu ordenador personal na casa?

O máis recomendable é que uses sempre o mesmo ordenador, o de clase. Podes levalo a casa e, se é necesario, poderás traballar con el sen ter conexión a Internet.

De todos modos, si que podes traballar desde outro ordenador. Pero se o fas, debes facelo con coidado para que o teu traballo non se perda.

**É MOI IMPORTANTE QUE NON DEIXES A UNIDADE EN MODO DESCONECTADO.** Se no portátil de clase deixaches preguntas sen enviar, é dicir, deixaches traballo en Modo Desconectado, e ao chegar á casa poste a traballar en novas actividades, as respostas que deches na clase perderanse.

Se vas traballar na casa con outro ordenador, sigue estes pasos:

1. Non deixes a unidade en Modo Desconectado no portátil de clase. **Antes de finalizar a clase, comproba que tes conexión a Internet e que a unidade está on-line.** Así, sempre estará gardada a túa última versión.
1. Se traballaches na casa co portátil do colexio sen conexión a Internet (desde o EVA OFF-LINE), ao volver á clase, o primeiro que debes facer é **entrar no EVA OFF-LINE con conexión a Internet.** Así, enviaranse as túas últimas respostas ao profesor.
2. Se traballas desde a casa, desde un navegador web en calquera ordenador, as túas respostas sempre quedarán gardadas sen ningún problema.

**E lembra:** cada vez que entres á unidade desde outro ordenador, o sistema enviarache unha mensaxe para comprobar se hai cambios desde a última vez que entraches. Así, sempre verás a última versión que temos gardada, coas túas últimas respostas.

